

ECONOMÍA, LITERATURA E ARTE

MIGUEL CANCIO ÁLVAREZ [trad.]

Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela

*"A vida é dura,
coa filosofía pouco se goza,
se queres ve-la vida de cor de rosa
bota unha moeda pola rañura"*

HÉCTOR RIAL

Baixo este título incluímos dous documentos, o primeiro titulado *As metáforas da ciencia económica*, de Donald McCloskey, da Escola de Chicago, e o segundo, baixo o título de *Keynes, economista-artista*, co fin de poñer de manifesto novas lecturas e enfoques da economía; unha economía máis humana que non por busca-lo rigor debe deixar de lado a lucidez, a arte e a literatura. Parécenos pertinente poñer de manifesto estes tipos de enfoques cando en España e Galicia se penalizan na educación as humanidades, o latín, as linguas clásicas, etc., a prol dun economicismo, dun progreso mal entendido.

A introducción e a tradución son de Miguel Cancio, economista e sociólogo, profesor de Socioloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

RETÓRICA E RACIONALIDADE. AS METÁFORAS DA CIENCIA ECONÓMICA

Por DONALD MCCLOSKEY

*"Economía sen principios
é maxia economicista,
economía sen humanidade
é retórica tecnocrática".*

Dona LUCHA REYES

Os economistas caen na conta hoxe en día que, ó igual ca outros científicos, contan historias e usan metáforas.

Os paleontólogos recorren a historias elixindo o gradualismo ou os equilibrios marcados. Os físicos usan metáforas que chaman modelos cando falan nuns casos de partículas e noutros de olas. Na mesma dirección, o economista contará unha historia de equilibrio para mostrar que a suba dos prezos do petróleo non provoca a inflación. Valeráse dun modelo de oferta e demanda de aloxamento para explica-lo 'boom' do sector inmobiliario. Non se trata dun escándalo. Os economistas non deben demitir da Academia de Ciencias por ter sido pillados utilizando tropos (sinécdoques, metonimias e metáforas). O pensamento require relatos e metáforas tanto no campo das ciencias como no das letras. Recorrer a tropos non quere dicir que un se converta nun místico. Os feitos e a lóxica gardan a súa pertinencia, que completan a serie fundamental da retórica: feitos, lóxica, metáforas, historias.

■ *A PROBA DA REALIDADE*: A historia que a maioría das xentes quere escoitar a un economista é a do experto salvador, coñecido antano polo nome de mago. Había unha vez unha dama pobre que lía os xornais. Leu en *Le Monde* o consello dun economista distinguido que lle prodigou a súa sabedoría á vez que a 500.000 lectores ben intencionados. E volveuse ¡inmensamente rica!

Ou tamén, era unha vez un reinado de Occidente dente onde non gustaba estudar, preferíase tomar cocaína e poñerse cego de rock

cos vídeo-cassettes. Entón, o rei tomou ó seu servizo a un experto en economía que estudiara moito. E o seu pobo... ¡volveuse próspero sen ter que estudar!

Pero, reflexionando, ¿por que o experto non explota no seu propio beneficio a súa faustina sabedoría? Formulamos así a boa e vella cuestión que tanto lle gusta a América: se é tan bo, ¿a que se debe que non sexa rico?

A proba da realidade non perdoa. A crítica máis determinante á economía máxica, alomenos no tocante ós economistas clásicos, está na metáfora da máquina de calcular. Se fose fácil preve-la taxa de xuros, formula-lo crecemento económico ou ensinar a emprender, a facer empresa, daquela os profesores de economía serían millonarios. Sen embargo, non teñen esta sorte. E non sendo tan ricos, a lóxica máis elemental establece que non son tan fortes. A metáfora confirma a historia.

Á inversa, unha historia (ou a Historia) en economía pode permitirse destruír unha metáfora. Hoxe fálase moito da competición (como, por outra parte, da guerra) no seu aspecto máis benigno, como un partido de fútbol. Pero a historia contradí esta metáfora. Evócase frecuentemente a maneira en que Gran Bretaña, no crepúsculo da súa hexemonía, se abandonou cando outros países mostraron unha grande actividade. Os intelectuais americanos, na actualidade, están preocupados de que poida suceder-lo mesmo nos EE.UU. Máis plausible e reconfortante aínda é a historia do alto crecemento do nivel de vida británico e americano. Despois dun século de suposto "fracaso", Gran Bretaña atópase aínda entre os países máis ricos do mundo. Os EE.UU son, con moita diferenza, os máis prósperos de todos, deixando a un lado algunhas pequenas nacións homoxéneas comparables ás categorías de 'yuppies' das costas americanas. As 16 nacións industrializadas non distan da súa media común máis ca arredor do 10%. A India, para dar un nivel de grandeza, afástase un 1.400%.

Esta historia pon ó descuberto o verdadeiro problema. Invita a esquecer-las diferenzas menores que existen entre nacións ricas, e a concentrarse na pobreza real. As metáforas da competición deportiva e do declive son insuficientes, non serven.

Os feitos e a lóxica non son inútiles, son sinxelamente insuficientes. Unha retórica ampla

toma en consideración, da mellor maneira posible, a forma, como debaten na práctica, na realidade, os expertos economistas e os outros. Dar conta das figuras literarias no debate científico é o primeiro paso para a súa xustificación. Pero a crítica non é sempre desmitificación ou distribución de recompensas. Esta pode tamén, como no campo das letras, ser comprensión. Unha crítica literaria da ciencia faría de nós humanistas, sen por iso ter que saír perdendo con relación ós feitos e ó rigor lóxico.

Dende os anos 50 a economía viuse reducida ós feitos e á lóxica. Desta maneira, incorporouse tardiamente ó temporal estreitamento da cultura Occidental que ten por nome "positivismo", "modernismo". Cara a 1920, algúns filósofos, en occidente, creron con frecuencia que o seu tema podía resumirse completamente nunha linguaxe artificial: os arquitectos quixeron reduci-lo a un cubo; os pintores, a unha superficie. Cando, nos anos 50, o modernismo tocou á economía, permitiu estende-los coñecementos. Sabemos, dende entón, máis dos modelos económicos sen contacto co mundo... O fracaso do modernismo, en economía como noutros campos, non implica que, sen embargo, se abandonen hoxe os feitos e a lóxica, a superficie e o cubo, para remitirse á curva céltica e ó irracional. Isto supón, pola contra, remitirse á tarefa, valéndonos da retórica e da súa serie completa: feitos, lóxica, metáforas e historias.

Admitir no presente que a metáfora e a historia son tamén parte do razoamento humano é volverse máis —e non menos— racional. O modernismo foi rigoroso nunha parte do seu razoamento e violentamente irracional en canto ó resto. Hoxe temos necesidade de máis rigor e lóxica no debate.

O inglés, dende comezos do século XIX, dálle á palabra "ciencia" un sentido particular. Nas artes e nas ciencias, as "artes", que son a literatura e a filosofía, son opostas ás "ciencias" da química e a xeoloxía. Un xeólogo historiador é, en inglés, un científico; un historiador da política non o é. No sentido inglés do termo, a economía é unha ciencia magnífica. A nosa intención non é deshonrala. Unha ciencia non se deshonra cando se toma por literaria. Ben ó contrario: a economía —material pouco prometedor, a "ciencia sombría, triste", como se lle denomina— é máis vasta que o que cren os científicos. Usa metáforas e historias, propón

unha moral. Unha economía que se humaniza non se ve privada do científico, vólvese unha ciencia mellorada.

■ **DESPREZO MODERNISTA:** É un desprezo modernista considera-la ciencia e a literatura como pertencentes a dúas culturas distintas, e pensar así en termos puerilmente dicotómicos: duro/brando, feito/valor, contido/forma, cifra/palabra, masculino/feminino. A literatura non se define unicamente polo que non son ciencias (físicas e biolóxicas). As ciencias sociais demostrárono elocuentemente. O interese da serie retórica reside no feito de que as ciencias teñen igual necesidade dos métodos literarios como da humanidade dos feitos e da lóxica. Newton usaba a lóxica das metáforas, Darwin servíase de feitos e historias, Poincaré encantábase cuns e outros. A ciencia é literaria, e esixe metáforas e relatos na súa tarefa cotiá; e a literatura é científica.

Certamente, o pensamento e a argumentación máis banais usan, ás veces, medios inintelixibles para o profano, temas que lle son propios. Os homes de leis utilizan puntos de dereito común que só eles coñecen, e os matemáticos os seus teoremas. Toda comunidade ten os seus propios tropos e a súa linguaxe, que non se pode rexeitar como unha xerga. Noutros puntos de razoamento, sen embargo, os xuristas e os matemáticos usan un sistema común ó resto dos humanos. Pola súa parte, a economía usa naturalmente temas propios. Sen embargo, algunhas das súas mellores demostracións son debedoras, toman prestado, de temas e asuntos comúns. A economía comparte con outras disciplinas un razoamento humano.

Na miña propia visión da economía e da súa historia, por exemplo, teño varias razóns de peso moi pertinentes para preferir un relato neoclásico, "chicaguano", "chicagoísta", libre-cambista, cuantitativo e matemático. Os meus amigos marxistas, institucionalistas, non "chicagoístas" e non economistas non o aprecian así, non están de acordo. E confeso que, sobre tal ou tal punto, me convencen a medias cando lles leo os seus relatos e as súas metáforas.

Mentres que os nosos relatos e metáforas non sexan recoñecidos, seranos difícil conversar. E a ausencia de intercambio, cos seus sarcasmos, é un desastre para a ciencia.

Donald McCloskey é profesor da Universidade de Iowa (EE.UU), economista e historiador da economía que pertence á Escola de Chicago. Escribiu obras sobre o declive industrial e a agricultura medieval. É autor das seguintes obras, *La retórica de la economía* (1985) e de *If You're so Smart: The Narrative of Economic Expertise* (Chicago, 1990).

Este artigo foi publicado por *Le Monde de l'Économie* o 28 de abril de 1992.

A VIDA E/OU A OBRA DE JOHN MAYNARD KEYNES: UN ECONOMISTA-ARTISTA. ARTE, PAIXÓN E ECONOMÍA

*"Teatro, a vida é puro teatro;
falsidade disimulada, ensaiado
simulacro".*

LA LUPE, LA YIYIYI

O día 3 de febreiro de 1936 ten lugar a apertura do Teatro das Artes de Cambridge, concibido e amplamente financiado por Keynes. O día seguinte aparecería a súa obra *Teoría xeral do emprego, os xuros e a moeda*. O consumo como estética axuda a comprende-la vida e a obra do máis célebre dos economistas, que dirixiu a delegación británica á conferencia de Bretton Woods, en 1944. A pesar do seu carisma e competencia non consegue, debido á oposición dos EE.UU, que se pöña en marcha un banco mundial encargado de crea-las liquideces internacionais necesarias. O dólar manterase como núcleo do sistema monetario mundial, as paridades fixáranse con relación ó ouro ou ó dólar.

Filósofos como Cioran din que nunca se deberían le-las obras, sabendo que vidas e rostros sinistros as produciron...

¡Leamos, pois, ó economista Keynes! É difícil imaxinar unha vida máis extraordinaria e unha personaxe máis leda. Se non escribira a *Teoría Xeral*, a súa existencia merecería ser contada como unha novela, sen embargo, segundo os filósofos, non tería por que ser así.

Xenio precoz e economista tardío. Amigo dos grandes e das sufraxistas, gustaba de estar cos galiños, cos fidalgos de goteira e cos artistas, logo repentino marido fiel... Xogador, brillante, viaxeiro, grande epistológrafo, ensaísta

mundialmente célebre, gurú da *city*, conselleiro político, xornalista e patrón de prensa, home de negocios, especulador, rico, arruinado, rico outra vez...

Pero tamén alto funcionario, universitario fiel ás tradicións, sabio con bombín e camisa de seda en medios dos bohemios, marxinal entre os sabios, bibliófilo, coleccionista de todo tipo de chilindradas, entre as que se contaban varios Cézanne, Delacroix e algún Matisse. Apaixonado de mil e unha cousas como, por exemplo, a xenaloxía e a poesía latina medieval, mecenas, granxeiro de porcos e, por riba de todo, horrorosamente inglés, de Cambridge, precisamente. Pois, se Deus inventou o tempo para evita-la coincidencia de acontecementos, inventou tamén o espazo para que todo non teña lugar en Cambridge.

■ **DEMONÍACO:** "Acoirazado de intelixencia", calificáboo Virginia Woolf. "O máis intelixente, o máis vivo que coñecín na miña vida", segundo Bertrand Russel, que engadía: "Cando discutía con el tiña o sentimento de te-la vida entre as súas mans, e eran raras as ocasións nas que non me trataba de tolo". Non houbo ningún dos que lle frecuentaran que non quedara impresionado, abraiado, desesperado ou furioso pola súa intelixencia demoníaca. Cáustico, implacable, brutal, odioso para todo o mediocre, gris, imbécil...; é dicir, o alleo, en xeral, o King's College. Paciente, fiel, cheo de humor, incompresiblemente xeneroso ás veces para os seus amigos e estudantes. Consciente de ser sempre o máis intelixente. Consciente de ser sempre o máis intelixente, con dúas ou tres excepcións: o escritor Lytton Strachey, figura eminente de Bloomsbury, o matemático Frank Ramsey, que morreu ós 27 anos e Ludwing Wittgenstein, filósofo, lóxico e profesor de Cambridge. ¿Abondaría isto para unha obra?

Chegado a este punto xorde unha vella cuestión, ¿que importa a vida se se posúe a obra? ¿Acaso a existencia tumultuosa de Descartes engadiría algo á profundidade do *Discurso do método*? ¿a vanidade nobiliaria de Newton ó movemento dos planetas? Non se sabe nada de Homero, pero *A Iliada* lerase eternamente. Hai máis: a relatividade sería descuberta incluso se non a escribira Einstein, presentida por Lorentz

e practicamente formalizada por Poincaré. E Mikhail Kalecki, economista polaco, codescubridor do "sistema keynesiano", sentíase "marabillado de lerse a el mesmo ó ler a Keynes".

E sen embargo..., o carácter particular da economía, que fala da vida dos homes en sociedade, merece que se pense na vida social dun home... demasiado humano, na súa razón das cousas, nunha ciencia na que a introspección foi, por outra parte, considerada como unha clave de descubrimento. Keynes descubriu o mercado especulando, a incerteza ó tragar auga, as estatísticas ó puli-las cifras para a Oficina de Negocios das Indias, o diñeiro traballando para o Tesouro e enriquecéndose considerablemente, a depresión abrindo os ollos, ["ninguén volverá durmir tranquilo, unha vez que conseguiu abri-los ollos", pintada de maio 68-París: nota do traductor] o malthusianismo na súa práctica de vida tanto como nas súas lecturas ("vía o mundo sen nenos", dicía Schumpeter), o consumo como fenómeno "estético" gastando, sen leva-las contas, para os seus amigos, artistas e para a súa dona, a bailarina e actriz Lopokova.

■ **ELITISTA E ARTISTA:** ¿A súa vida? O summum, sempre. Eton, Cambridge, a elite. Sen embargo, chegou tarde á economía teórica (tiña 47 anos cando publica a súa primeira obra teórica, *A Treatise on Money*), despois dun longo periplo polo xornalismo e despois de intentar, durante moito tempo, facer obra en filosofía: os seus 20 anos pasados reflexionando sobre as probabilidades dan conta desta esperanza. Consideraba que a economía "era unha disciplina fácil, pero que non había grandes economistas", pois cumpría ser historiador, matemático, psicólogo e, sobre todo, "ter unha pureza de artista".

Sen embargo, en economía, non foi un artista aínda que a súa existencia permite unha lectura epistemolóxica da economía. Engadamos que o "keynesianismo", asociado ó intervencionismo, ó Estado Providencia, dá unha mala imaxe, particularmente en Francia (era francófobo), dun home altamente consciente das súas superioridades, elitista ata flirtear co eugenismo, desdeñoso coa plebe e tradicionalista tanto como irreverente.

Era un sabio á antiga, dubidando entre os seus estudos de poesía de Bernard de Cluny e

as matemáticas; era da última xeración que pretendía dirixi-los asuntos humanos en nome da cultura e non da especialidade. Elixiu a economía no momento en que Alfred Marshall, liberado pola morte de Henry Sidgwick, a profesionaliza, a "saca" por fin da ética para constituíla enteiramente en ciencia. ¿A que se debe esta elección? Polas mesmas razóns que Marshall: porque a economía debe face-lo mundo mellor. Pero o que Marshall concibe en termos de riqueza, el percíbeo en termos de civilización [nota do traductor: nótese o debate actual, de fins de 1994 e principios de 1995, a propósito das civilizacións que no seu día xa trataran Toynbee, N. Elías, etc., e moi especialmente o que se xera co artigo de Fukuyama sobre "o final da historia", despois da caída do muro de Berlín e, sobre todo, cos traballos de Samuel Huntington: *The Clash of Civilizations?* (1933) e "If Not Civilizations, What?", *Foreign Affairs*, (nov.-dec., 1993), nos que o autor define o enfrontamento das civilizacións como o novo paradigma dominante] e de estética, non sendo "social" como o seu mestre e, moito menos aínda, igualitarista como Leon Walras. [Nota do traductor: véxase neste sentido a polémica que se levantou en Francia co informe dirixido por Alain Minc: *A Francia do 2001*, elaborado por unha comisión integrada por empresarios, científicos, etc. e encargado polo primeiro ministro francés Edouard Balladur, 1994; polémica a propósito dos conceptos "igualdade" e "equidade" e de diferentes modelos socioeconómicos: o das economías subsidiadas e burocratizadas, o do darwinismo económico e social, etc. Véxase, neste sentido, o libro de Pierre Rosanvallon: *La Nouvelle Question Sociale*, Seuil, 1994].

■ *A ECONOMÍA ENTERRADA POLAS MATEMÁTICAS*: Primeiro economista dunha xeración e tamén o último. A *Teoría Xeral* é a última obra publicada "antes de que a economía se vexa engulida, enterrada no burato negro das matemáticas", por retoma-la imaxe do seu biógrafo Robert Skidelsky. Sen embargo, para o mundo enteiro, Keynes eleva a economía ó primeiro plano —e faino coa súa crítica do tratado de Versailles en *As consecuencias económicas da paz*—, por diante da política.

Dispoñemos dun inmenso material sobre Keynes: miles de cartas, o diario do seu pai, os

xornais e os ensaios dos que o coñeceron, excelentes biografías (a notable de Robert Skidelsky, *John Maynard Keynes*, tomo 1, *Hopes Betrayed*, 1983; tomo 2, *The Economist as Saviour*, 1992, McMillan. Véxase tamén, Charles Hession, *John Maynard Keynes*, Payot, 1985, e a biografía "oficial", edulcorada pero insubstituíble para a análise económica, de Sir Roy Harrod, *John Maynard Keynes*, McMillan, 1951). Pódese segui-la súa vida día a día, ¿é que houbo un só día que non o vivise de forma esgotadora e apaixonadamente? Vese tentado a explica-la súa economía política por tres paixóns: as cifras, as palabras e os artistas.

■ *CADROS ESTATÍSTICOS: AS CIFRAS E O SEXO*: As cifras: Keynes adoraba os números, os cálculos... Calculou ata o tempo que lle levaba escribir unha carta. Pero a Keynes gustábanlle os cadros estatísticos, non as correlacións. A econometría deixáballe escéptico, o que non lle impediu ser presidente da Econometrics Association en 1944 e 1945. Os cadros estatísticos falábanlle como... cadros impresionistas. "Mira" nas cifras, dicía. Na súa moi libertina correspondencia con Lytton Strachey (salvada por Harrod), lese que "*nada é tan feiticeiro como as cifras, agás o sexo...*"

As palabras: Por suporto, JMK, como Humpty Dumpty, pode utiliza-las palabras para "dici-lo que decidiu facerlles dicir" (Dennis Robertson).

■ *O PESO DA OPINIÓN... E A IRONÍA*: É un retórico, fala para a opinión pública máis que para a colectividade científica de sabios. [Nota do traductor: "A ciencia non valería media hora de atención se fora un saber de expertos destinado ós expertos", Pierre Bourdieu]. Adoraba as charadas, as chapurradas, os xogos de palabras. Traiciónase, como sinalou Paul A. Samuelson, no *Tratado de Probabilidades* (1921), ó concluír: "neste tipo de obra debo dar mostras, ás veces, dun pouco máis de convicción da que realmente sinto". Chamada á complicidade, á intuición compartida do lector, pero ¡que confesión retórica! É esta feliz combinación de lóxica e de sentimentos o que define o estilo de Keynes, onde a ironía aflora constantemente, incluso nos asuntos e nos temas máis serios.

■ **KEYNES, OBXECTOR DE CONCIENCIA:** A estética: soñara ser un artista, situarse por riba das catro personaxes da súa mitoloxía social: o científico, o político, o empresario ("businessman") e o filántropo. Este desexo dá a clave do que Walter Lippman confesaba non comprender: a súa vinculación con Bloomsbury (como con Eton e co King's), por necesidade de recoñecemento de Virginia Woolf, Vanessa Bell, Roger Fry e outros, que el non tivo en realidade. Para eles, por eles, a súa defensa da obxección de conciencia e, sobre todo, os seus gastos, e esa concepción do consumo destinada á mellora da civilización. Incluso, para agradarlles, di odiar os rendistas (o que é el) e o diñeiro ("o amor dese estado enfermizo e máis ben repugnante") que posuía pero que gastaba mercando cadros, rehabilitando teatros, e financiando ballets. O consumo como estética.

Keynes non é un economista de raza: un Ricardo, un Walras, ou incluso un Marshall. É ante todo un espírito práctico, que prefire o posible á verdade, un pouco contradictoria, aceptando tódalas contribucións e tódalas críticas (¿que é de Dennis Robertson ou del mesmo entre 1920 e 1931?, ¿que sería a *Teoría Xeral* sen Richard Kahn?). Keynes ten unha visión inductiva, inspirada ("son un poeta da economía"); foi o aedo, o bardo do diñeiro, como Marx o foi do traballo. Por iso, a el gustáballe a inspiración dun Stanley Jevons ("a súa intuición divina, a súa curiosidade inductiva"), dun Newton ("que miraba o universo como un criptograma colocado polo Todopoderoso"). A bricolaxe experimental de Freud encantáballe. Desgraciadamente, tiña tendencia a despreza-lo que ignoraba (Walras, por exemplo). "Mellor teórico, el non sería tan bo economista", murmúrase aínda en Cambridge...

■ **CRONOLOXÍA DE 1883-1946:**

— 5 xuño 1883: Nacemento en Cambridge de John Maynard Keynes (non se di John Maynard senón, sinxelamente, Maynard).

— 1887-1902: Estudos en Eton, onde se leva tódolos premios, incluído o premio máis prestixioso de matemáticas (o "Tomline").

— 1902-1906: Estudante no King's College, Cambridge, onde chega a ser "apóstolo" (membro da moi privada Cambridge Conversation Society), que agrupa ós principais intelec-

tuais de Cambridge: Whitehead, Moore, Hardy, Russel, Wittgenstein... Frecuentaba o Partido Liberal.

— Setembro 1906: Consegue o segundo posto na oposición nacional da administración (*a causa dunha nota por debaixo da media en... economía*). Ata xuño de 1908 traballa na oficina de asuntos hindús. Posto do que dimite. A partir de 1908, ensina a Ring's, en 1913 convértese en permanente —"fellow"—.

— 1906-1914: A súa investigación céntrase, case en exclusiva, nas probabilidades. A súa tese, rexeitada por Whitehead, en 1907, é aceptada en 1909. O seu *Treatise on Probability* aparece finalmente en 1921.

— 1909: Inicia unha carreira xornalística que culminará en 1923, coa publicación de 51 artigos moi ben pagados. Outubro: Crea o Clube de Economía Política de Cambridge, que verá nace-lo Circo de Cambridge (Sr. e Sra. Robinson, Richard Kahn, Piero Sraffa, Roy Harrod...). Instálase co pintor Duncan Grand (o pintor Duncan Forbes de *O amante de Lady Chatterley*) no barrio de Bloomsbury e, en adiante, pertence ó grupo artístico que agrupou a Virginia Wolf, á súa irmá Vanessa Bell, ó seu irmán Adrian Stephen, Clive Bell e Roger Fry, críticos de arte, e ós irmáns Strachey.

— 1911: Gracias a Alfred Marshall, convértese en editor e redactor xefe do *Economic Journal*.

— 1912: Publica *Indian Currency and Finance*. Participa ata 1914, en tanto que inspector real de finanzas, na comisión sobre a moeda e as finanzas da India.

— 1914-1919: Alto funcionario do Tesouro. Exento do servizo militar, declárase, sen embargo, obxector de conciencia. Fai que os seus amigos de Bloomsbury, incluído Duncan Grant, queden exentos. Inicia unha carreira de especulador e de coleccionista de cadros. Participa na preparación do Tratado de Versalles, en tanto que experto da comisión de aprovisionamento e segue de cerca os asuntos das reparacións, das indemnizacións.

— Decembro 1919: Publicación das *Consecuencias económicas da paz*, best-seller internacional.

— 1921: Presidente da National Mutual Life Insurance Company.

— 1922: Publicación de *A Revision of the Treaty*. Aluga a propiedade de Tilton. Residirá

ata a súa morte entre Tilton e o 46 de Gordon Square, Bloomsbury.

— 1923: Publicación de *A Tract on Monetary Reform*. Merca o xornal *The Nation*, no que participara activamente o grupo de Bloomsbury.

— 1924: Curso de filosofía económica en Oxford (unha das rarísimas saídas de Cambridge). Comeza a traballar sobre *A Treatise on Money*.

— 1925: Casamento moi mediático coa bailarina-actriz Lydia Lopokova, ex-bailarina estrela de Ballets Diaghilev. Publica *The Economic Consequences of Mr. Churchill*, panfleto contra a volta á paridade da libra. Crea a Asociación de Artistas de Londres, organismo de apoio ós artistas novos, que financia amplamente.

— 1930: Publicación de *A Treatise on Money*, prólogo da *Teoría Xeral*.

— 1932: *Essays in Persuasion (Ensaio sobre a moeda e a economía)*. O mesmo ano, Richard Kahn expón o principio do "multiplicador". O 15 de xuño, na radio, Keynes chama ás "amas de casa patriotas" a consumir.

— 1933: Aparición de *Essays in Biography* (retratos luminosos de Marshall, Einstein, Frank Ramsey...).

— Febreiro 1936: Inauguración de Arts Theatre de Cambridge, concibido, realizado e, en parte, financiado por Keynes, e publicación da *Teoría xeral do emprego, os xuros e a moeda*.

— 1940: Membro do consello consultivo do Ministerio de Finanzas encargado de organizarlo financiamento da guerra.

— 1941: Chega a ser un dos directores do Banco de Inglaterra.

— 1942: Dánlle o título de "Baron Keynes de Tilton". Ten un escano na Cámara dos Lores cos liberais.

— 1943: Gran Ecónomo (Administrador) de Cambridge (título puramente, pero altamente, honorífico). En setembro, prepara con Harry White en Washington a conferencia de Bretton-Woods.

— 1 xullo 1944: Comeza a conferencia de Bretton-Woods.

— 1945: Negocia a asistencia e os préstamos americanos ó Reino Unido.

— 1946: Doutor honoris causa da Sorbonne. Organiza a reapertura do Covent Garden. Morre o domingo de Pascua de 1946 dunha crise cardíaca.

[Traducción libre do artigo de Bernard Maris, *Le Monde de l'Économie*, do 4 de outubro de 1994].